



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de Riscos Laborais, entende como risco laboral grave e inminente:

- A) Aquele que resulte probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato e poida supoñer un dano grave para a saúde dos traballadores.
- B) Á posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- C) Ás características do traballo que poidan ter influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e saúde do traballador.
- D) Ao proceso dirixido a estimar a magnitude daqueles riscos que non puidesen evitarse.

2. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases da actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír a posibilidade de que un traballador sufra un dano derivado do traballo denomínase:

- A) Condición de traballo.
- B) Condición de seguridade.
- C) Risco laboral.
- D) Prevención.

3. De acordo á Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a ordenación do Sistema de Saúde de Galicia comprende:

- A) O sector sanitario privado.
- B) O sector sanitario público.
- C) Os sectores sanitarios públicos e privados.
- D) Os servizos sociosanitarios privados.

4. De conformidade co artigo 13 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os tribunais actuarán cos criterios de:

- A) Obxectividade, imparcialidade, eficacia e eficiencia.
- B) Obxectividade, imparcialidade, eficacia e celeridade.
- C) Obxectividade, imparcialidade, axilidade e eficacia.
- D) Obxectividade, imparcialidade, eficacia e publicidade.

5. O Estatuto de Autonomía de Galicia ten rango de:

- A) Lei.
- B) Decreto–Lei.
- C) Real Decreto Lexislativo.
- D) Lei Orgánica aprobada polas Cortes Xerais.

6. Segundo a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, sinale a resposta correcta:

- A) A prestación do consentimento informado é un dereito e un deber do profesional.
- B) A prestación do consentimento informado é un dereito e un deber do paciente.
- C) O consentimento será verbal nos casos de intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasivos.
- D) Enténdese por consentimento informado o prestado libre e voluntariamente polo afectado para toda actuación no ámbito da saúde e unha vez que, recibida a información adecuada, valorase as opcións propias de cada caso.

7. O Título I da Constitución Española trata:

- A) Das Cortes Xerais.
- B) Da Coroa.
- C) Dos dereitos e deberes fundamentais.
- D) Do Goberno e da Administración.

8. Segundo a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, é causa de extinción da condición de persoal estatutario fixo:

- A) A incapacidade temporal.
- B) A situación de servizos especiais.
- C) O permiso sen soldo.
- D) A perda da nacionalidade tomada en consideración para o nomeamento.

9. De acordo ao artigo 43 da Constitución, os poderes públicos:

- A) Fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo, facilitarán a adecuada utilización do lecer.
- B) Fomentarán a educación sanitaria, a educación física, o lecer e o deporte.
- C) Fomentarán a educación sanitaria e o lecer.
- D) Fomentarán a educación sanitaria, a protección da saúde e o lecer.

10. De conformidade co artigo 1.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:

- A) Todos os españois.
- B) Todos os estranxeiros.
- C) Todos os españois e todos os estranxeiros.
- D) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.

1. A ordenación do réxime do persoal estatutario dos servizos de saúde, réxese, entre outros, por un dos seguintes principios e criterios:

- A) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso á condición de persoal estatutario.
- B) Igualdade, mérito, capacidade e competencia no acceso á condición de persoal estatutario.
- C) Igualdade, mérito e capacidade no acceso á condición de persoal estatutario.
- D) Igualdade, mérito e publicidade no acceso á condición de persoal estatutario.

2. Segundo a Lei 3/2001, do 28 de maio, a historia clínica:

- A) É propiedade do paciente exclusivamente.
- B) Debe incluír o médico ou profesional responsable.
- C) Debe ser entregada ao paciente tras cada episodio asistencial.
- D) Debe ser única por paciente en todo o Sistema Público de Saúde de Galicia.